



## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDAD NACIONAL DE EDUCACIÓN A DISTANCIA (UNED) PARA A REALIZACIÓN DO PRÁCTICUM DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS DE LINGUAS

Ao abeiro do establecido no punto cuarto, f) da resolución da Consellería de Economía e Facenda do 08 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, expoño os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos que se pretenden acadar coa sinatura deste convenio.

### **Antecedentes**

O RD 1393/2007, do 29 de outubro, de ordenación das ensinanzas universitarias, estableceu a organización e o contido dos títulos oficiais de máster universitario.

Mediante Acordo do Consello de Ministros, do 14 de decembro de 2007, establecéronse as condicións ás que deberán adecuarse os plans de estudos conducentes á obtención de títulos que habiliten para o exercicio das profesións reguladas de profesor de ESO e bacharelato, FP e ensinanza de idiomas.

A Orde ECI/3858/2007, do 27 de decembro, establece os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio das profesións de profesor de ESO e bacharelato, FP e ensinanza de idiomas. No apartado 5 do anexo da citada orde, ao regular a planificación das ensinanzas, establece que o prácticum se realizará en colaboración coas institucións educativas establecidas, mediante convenios entre universidades e administracións educativas.





O RD 1834/2008, do 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na ESO, o bacharelato, a FP e as ensinanzas de réxime especial, e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensinanza secundaria, dispón que para exercer a docencia nestes ámbitos será necesario estar en posesión dun título oficial de máster que acredite a formación pedagóxica e didáctica, de acordo co esixido pola LOE.

### **Razóns de oportunidade**

A oportunidade da sinatura deste convenio de cooperación educativa vén determinada polo interese da Consellería en que os profesionais que posúan titulacións académicas que dean acceso a exercer como persoal docente poidan acceder, coa realización do prácticum do máster, ás probas de acceso aos distintos corpos docentes que se convoquen.

### **Obxectivos**

Os obxectivos deste convenio son establecer a colaboración entre a Consellería e a UNED para a realización do prácticum do máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas pola UNED, de acordo co establecido na Orde do 18 de abril de 2011 pola que se establece o procedemento para acreditar centros e persoas coordinadoras e titoras para o desenvolvemento do prácticum correspondente ao máster, na Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

